

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE CARBALLO SOBRE A MELLORA DA SEGURIDADE E VISIBILIDADE NOS PASOS DE PEÓNS.

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Carballo desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **Moción**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As marcas sobre o pavimento, ou marcas viarias, teñen por obxecto regular a circulación e advertir ou guiar aos usuarios da vía. Poden empregarse soas ou con outros medios de sinalización, a fin de reforzar ou precisar as súas indicacións. Poderíamos definir os pasos de peóns como: “espazos situados sobre a calzada que comparten peóns e vehículos nos puntos de cruzamento entre itinerarios peonís e vehiculares”

A posibilidade de advertir a presenza do peón por parte do condutor faise fundamental. En caso de accidente, é o propio corpo daquel o que vai servir de paragolpes e, por tanto, a posibilidade de lesións graves ou irreparables é moi elevada.

A mobilidade dos peóns ha de ser obxecto de actividades específicas de planificación e deseño, co fin de atopar solucións adecuadas ás súas necesidades de seguridade, tendo en conta tamén, a súa interacción con outros compoñentes motorizados ou non motorizados da mobilidade. Por iso, a localización e o deseño de pasos de peóns deben considerarse elementos clave, dentro do marco da planificación da mobilidade urbana en xeral.

Os pasos de peóns deben contar cunha visibilidade que permita ao condutor advertir a presenza do peón, con antelación suficiente para deterse. Calquera vehículo en movemento necesita, en función da súa velocidade, percorrer unha certa distancia ata a súa completa inmovilización. Atreveríame a dicir que todos nos vimos, ben como peóns ben como condutores, involucrados nalgunha ocasión en situacións de alarma ou desagradables, debido precisamente á falta de visibilidade nun paso de peóns.

Pola noite a visibilidade descende e a falta de iluminación ou unha iluminación insuficiente dos pasos de peóns, incrementa notablemente o risco de accidente.

En Carballo identificamos pasos de peóns nos que a seguridade do peón ante a proximidade dun vehículo pode verse comprometida. Atopamos pasos nos que vehículos aparcados, ou outro tipo de elementos impiden a visibilidade do peón e do

conductor, pasos de peóns con escasa sinalización e marcas viarias sen apenas pintura. Ademais, existen pasos de peóns cunha iluminación insuficiente en vías principais da localidade e próximos a establecementos públicos, colexios, centros de saúde e zonas comerciais. Aínda contando cunha certa iluminación, resulta moi conveniente a instalación de sistemas de iluminación ou sinalización específicos que resalten a presenza do paso de peóns e dos propios viandantes, por exemplo, en interseccións perigosas por onde pasa o carril bici ou en puntos con moita afluencia de peóns e vehículos e con pouca visibilidade.

Do mesmo xeito, é necesario mellorar a sinalización horizontal e vertical, revisando e mantendo o seu bo estado de conservación. En determinados casos, pódese incrementar notablemente a visibilidade e a seguridade mediante a aplicación de pinturas de alta reflectancia. Estas medidas evitan así mesmo a necesidade de instalar luminarias especiais, co consecuente aforro de custos. Co obxectivo de lograr un perfecto equilibrio entre o gasto que poida supoñer esta medida e a súa eficacia, é imprescindible un estudo previo que detecte os pasos que puidesen resultar máis perigosos ou problemáticos. Así estableceremos unha orde de prioridade.

Este estudo ten que servir como referencia para a adecuación progresiva, en diferentes fases, dos pasos de peóns a mellorar. El Grupo Socialista de Carballo considera necesario tomar medidas ante as numerosas deficiencias que existen nos pasos de peóns do noso municipio, o que repercute en falta de seguridade non só para as persoas que os cruzan, senón tamén para os condutores. Dende o Concello de Carballo debemos tomar as medidas oportunas que garantan a seguridade nos pasos de peóns, creando unha zona de visibilidade no sentido da marcha ao aproximarse un vehículo ao mesmo.

Por todo elo, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Carballo somete a votación a seguinte MOCIÓN para aprobar as seguintes:

Propostas.

- Que os servizos técnicos municipais realicen un estudo preliminar e posterior informe onde se contemple o grao de cumprimento nos nosos pasos de peóns coas recomendacións realizadas polo Eurotest Auditoría Europea sobre pasos de peóns.
- Que no devandito estudo inclúase unha priorización dos pasos de peóns que deben adaptarse e o custo das diferentes medidas susceptibles de ser aplicadas.

- Unha vez realizado o estudo pertinente, implementar estas accións de forma progresiva tomando as primeiras medidas
- naqueles pasos que se atopen nas proximidades de colexios, parques, centros de saúde e lecer, vías principais da localidade, interseccións perigosas, así como naqueles nos que se rexistraron algún accidente motivado pola falta de visibilidade, realizando un plan definido de prioridades para corrixir deficiencias.

Carballo, 18 xaneiro 2018

María Carmen Vila Blanco
Voceira do Grupo Municipal Socialista

ALCALDE – PRESIDENTE/A DA CORPORACIÓN MUNICIPAL